



XOGOS DOS MEUS AVÓS/AS



Co motivo das Letras Galegas, que terán lugar o vindeiro 17 de maio , dende a área de Educación física, imos recopilar xogos populares que facían os nosos avós/as ou algún familiar de pequeno. Para elo ides cubrir a ficha sobre algún xogo seguindo o modelo e practicádeo con seguridade.

➤ **Nome do xogo:**

"Os pelouros"

➤ **Material que se precisa:**

Cinco pelouros (pedras lisas redondeadas)

➤ **Descripción do xogo:**

Primeiramente, a persoa que empeza lanza os cinco pelouros ao aire e tenta coller un, que será " a coutadeira". Segundamente lanza esta ao aire e tenta coller un pelouro do chan; sucesivamente fará o mesmo cos outro tres. En terceiro lugar lanzará a coutadeira ao aire e collerá dous pelouros do chan; facendo o mesmo cos outros dous que lle quedaban. De seguido fará o mesmo collendo tres e despois o último. Para rematar, tentará coller os catro pelouros á vez. Cando se falla , pérdese a vez, pasando a xogar outro.

➤ **Regras:**

Xógase cunha soa man.

Gaña quen consiga recollellas todas no menor número de intentos.


➤ **Onde se practica:**

Practicarase nun terreo chairo.

Variantes:

No lugar dos pelouros pódese xogar con: canicas, tapóns ou chapas con plastilina no seu interior.

➤ Debuxo do xogo:





Xogos dos nosos avós/as



Nome e apelidos: Data:

Completa esta ficha cun xogo popular ou tradicional que practicaran os teus avós/as ou algún familiar de pequeno.

Recorda preguntarolle, prestar atención, escribilo con claridade e sen faltas.

➤ **Nome do xogo:**

.....

➤ **Material que se precisa:**

.....

.....

➤ **Descripción do xogo:**

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

➤ **Variantes:**

➤ **Onde se practica?**

➤ **Debuxo do xogo:**